

MESA SECTORIAL

27/06/2025

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE DECRETO ---/2025 DO----- DE----, POLO QUE SE ESTABLECE A ORDENACIÓN XERAL DA FORMACIÓN PROFESIONAL DO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA.

Retómase este punto da orde do día da mesa do 18 de xuño e que foi adiado nese momento.




Desde ANPE Galicia comprendemos que estamos ante unha situación lexislativa complicada no referente á Formación Profesional e que o proxecto de Decreto que hoxe se nos presenta está enmarcado dentro dunha norma estatal que deixa moitos ocos baleiros e pendentes dun desenvolvemento normativo que pode provocar aínda máis cambios nun futuro próximo polo que somos conscientes que hai moitos aspectos deste documento que non se van a poder modificar ao tratarse de transcripcións do recollido na norma marco. Tamén somos conscientes de que se trata dun proxecto de Decreto e que moitos aspectos terán que ser desenvolvidos a través de diferentes Ordes que terán que pasar por esta Mesa Sectorial e, ás que como Organización Sindical, poderemos facer as alegacións oportunas no seu momento.

Antes de entrar a facer alegacións concretas ao texto do Decreto queremos facer unha serie de peticións/consideracións de carácter previo. Demandamos que as instrucións para o desenvolvemento do vindeiro curso 2025-2026 se publiquen o antes posible para paliar a inxenuidade que se está producindo na maior

parte dos centros que imparten ensinanzas de Formación Profesional. Tamén pedimos que a Administración sexa especialmente rigorosa coa concesión de ciclos en centros privados se iso vai a supoñer un menoscabo e un perxuízo para os ciclos existentes na mesma localidade en centros públicos.

Tamén entendemos que hai cuestións que se deben abordar de xeito inmediato e que son unha demanda case unánime do profesorado de FP como é o tema dunha regulación específica (como xa existe noutras Comunidades Autónomas) que permita e flexibilice a **compatibilidade** deste tipo de profesorado para a realización doutro tipo de actividades remuneradas que ademais lles poden supoñer unha posta o día en moitas cuestións relacionadas coas empresas. Entendemos que, en moitos casos, haberá que abordar tamén a modificación dalgún currículo polo que consideramos que sería necesario contar para esa tarefa coa implicación de profesorado especialista. Preocúpanos, como indicaremos ao entrar no texto do Decreto a figura do profesorado experto xa que entendemos que, sendo necesario, debe quedar perfectamente regulado tanto nos requisitos de aceso como outros aspectos. Tamén consideramos que se debe equiparar a duración das sesións lectivas dos CIFP co do resto dos centros onde se imparten ciclos formativos.



Entrando no articulado do Decreto:

No artigo 3º: desde ANPE Galicia solicitamos que se inclúan referencias á prevención de riscos laborais e medioambientais. Tamén

MESA SECTORIAL

27/06/2025

consideramos que debería incluírse outra finalidade da Formación Profesional que debería ser o uso das TICs e os Idiomas na súa labor profesional. **A Administración estudará esta proposta.**

No artigo 4º: desde ANPE Galicia detectamos que hai unha incongruencia con respecto ao recollido no texto de documento presentado na mesa sectorial da semana pasada que establecía o requisito de estar en posesión do nivel C1 e, excepcionalmente, o nivel B2. Neste texto fala soamente do nivel B2. **A Administración resposta que é un erro que será corrixido.**




No artigo 11º: consideramos que debe mellorarse a redacción para que quede perfectamente claro que se pode ampliar a 3 anos. Solicitamos tamén que, para o caso de alumnado con NEE non se estableza un límite temporal para rematar os estudos para aumentar as súas posibilidades de rematar o ciclo correspondente.

No artigo 12.4º: desde ANPE Galicia levamos xa un tempo demandando que se potencie a figura titorial. É preciso facer atractiva esta función que supón unha enorme carga de traballo e que non ten, actualmente, o necesario recoñecemento nin administrativo nin económico.

No artigo 20.1º: demandamos coñecer quen, e baixo que criterios, decide esta opción.

No artigo 25.3º: desde ANPE Galicia demandamos que se clarifique cales van a ser esas tarefas aquí recollidas. Tamén

consideramos que se deben respectar, na redistribución horaria, as quendas e os horarios ao máximo posible.



No artigo 27º: hai rumores de que se vai a cambiar a aplicación informática que estaba funcionando para a elaboración das programacións didácticas na FP. Se isto é así, desde ANPE Galicia demandamos que a nova sexa o máis sinxela e intuitiva posible, que garanta a compatibilidade durante un período de tempo coa xa existente e que sexa unha aplicación que vaia a permanecer no tempo para non ter que estar sometidos a máis cambios proximamente. **A Administración resposta que se vai a cambiar a aplicación para pasar a usar PROENS. Tamén indican que haberá flexibilidade na data de entrega das programacións e que estudarán que poida facerse un acceso á aplicación xa existente para poder rescatar e migrar datos de programacións xa feitas á nova aplicación PROENS.**

Nos artigos 47,48 e 49 relativos ao profesorado: desde ANPE Galicia insistimos novamente na urxente necesidade de abordar a normativa específica que permita a **compatibilidade** do profesorado de FP para a realización doutras actividades. Deste xeito favoreceríamos o feito de que o profesorado de FP permaneza constantemente actualizado a nivel profesional. En relación á contratación de profesorado experto somos conscientes de que, en casos moi específicos, é necesario este tipo de profesorado que terá que cumprir unha serie de requisitos a nivel formativo posiblemente diferentes ao do resto do profesorado, pero tamén entendemos

MESA SECTORIAL

27/06/2025

que o resto de requisitos (como pode ser a presentación do certificado de inexistencia de delitos de tipo sexual) débesele requirir como ao resto de profesorado. Tamén debería crearse unha bolsa de profesorado experto (cos criterios e requisitos de formación que estableza a Administración) para que os centros educativos poidan usar dita bolsa no caso de precisar este tipo de profesorado.



No artigo 52º: insistimos en que **debe facerse máis atractiva a función titorial dándolle recoñecemento administrativo e/ou económico.**

No artigo 55.d: consideramos un acerto que se recolla tal e como está recollido para evitar o feito que ANPE Galicia denunciou nos xulgados en canto á convocatoria de cátedras de música. Así queda perfectamente claro que o feito de impartir docencia durante un período determinado NON supón o recoñecemento da suficiencia investigadora.

En relación ao Capítulo 15: desde ANPE Galicia demandamos a creación dos departamentos de ámbitos non profesionais. **A Administración resposta que estudarán esta proposta coa Dirección Xeral de Persoal.**

Por último e a colación, aínda que non relacionado directamente, coa Disposición Derogatoria Única, denunciar novamente as **situacións de presións e mesmo acoso ao profesorado nomeado pola Consellería de**

Educación para prestar servizos nos centros dependentes da Consellería de Medio Rural.

Debe quedar claro, que este profesorado é profesorado da Consellería de Educación e, polo tanto, está perfectamente regulado o seu horario lectivo e non lectivo polo que non se lle pode obrigar a facer outro tipo de tarefas tal e como vimos denunciando desde principios de curso. **A Administración resposta que esta cuestión xa foi trasladada claramente aos responsables da Consellería de Medio Rural e contan con que a situación se normalice.**

A Administración tamén resposta, tras a quenda de intervencións das organizacións sindicais, que se van a reforzar os departamentos de orientación incorporando profesorado de FOL.

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROLDA FINAL DE INTERVENCIÓNS.

- En relación as oposicións demandamos que non se volvan a repetir cuestións como as producidas nas que se están desenvolvendo nestes momentos: presidencias de tribunais que estiveron de baixa todo o curso ata a constitución dos mesmos, probas con máis de 13.000 opositores en Pontevedra cando é sabido que eses días a cidade colapsa pola celebración dunha proba deportiva, restrición no acceso á información pública para poder facer o seguimento dos procesos (algo que ANPE levará ao xulgado), etc.
- Demandamos novamente a convocatoria do concurso de méritos de atención preferente xa que se nos trasladan moitas necesidades que deberán ser cubertas. Neste sentido criticar tamén as instrucións para dotación de profesorado de PT e AL publicadas no día de onte e que, lonxe

MESA SECTORIAL

27/06/2025

de axilizar o procedemento supoñen unha carga burocrática engadida o que vai a repercutir negativamente na cobertura e, polo tanto, na atención do alumnado con NEE.

- Denunciar a progresiva desaparición de figuras como as coordinacións dos polos creativos, diversas asesorías e falta de cobertura de prazas nos CFRs.
- Demandamos que se teña en conta a efectos de Concurso de Traslados, os servizos prestados no centro da Deputación da Coruña, Rosalía Mera.
- En relación á permanencia nos centros de FP de cargos directivos (á marxe da dirección que é o único posto que pode permanecer en comisión de servizos) cando deberían terse movido ao obter destino no CXT, demandamos que exista transparencia. Entendemos que pode haber distintas casuísticas que aconsellen a permanencia deste cargos directivos pero debería haber dita transparencia.
- En relación ao CADP advertimos que nos Anexos hai erros xa que aparecen centros que recollen ensinanzas que xa non se imparten en ditos centros. Tamén demandamos que non se produzan as situacións de todos os cursos de perfís de vacantes con afíns “imposibles” e, así mesmo, demandamos que, salvo contadas excepcións debidamente acreditadas, non debería aparecer un número elevado de interinidades unha vez efectuada a resolución definitiva do CADP.
- Para rematar, desde ANPE Galicia estaremos vixiantes sobre o tema dos inspectores e inspectoras nomeadas con carácter excepcional e que deberían finalizar nos seus postos ao remate do presente curso escolar tal e como se recolleu na convocatoria por petición da parte sindical.

